



Baldo Ramos

Foto: Anxo Cabada



Pilar Pallarés

Foto: Distrito Xermar



Ismael Ramos

Foto: Manuel Gil



Silvia Penas

RECITAIS | OBRADOIROS | ENCONTROS

Festival Internacional de Poesía de Pontevedra

PONTE OÉTICA

10, 12, 13 e 14 de abril de 2019

Teatro Principal
Casa das Campás
Ruínas de San Domingos
Casa da Luz
Pub El Pequeño

Promove:



CONCELLO DE PONTEVEDRA

Colaboran:



Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo

Dirección:
Yolanda Castaño



Manuel Vilas

Foto: Oliver Duch - Heraldo de Aragón



Valter Hugo Mãe



Jan Wagner

Foto: Alberto Novelli



Antònia Vicens

Foto: Lleonard Muntaner



Castillo Suárez

Foto: Ikorkotx



PONTE POÉTICA 9

Programa

Mércores 10 de abril

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

(Casa das Campás, rúa de Don Filiberto, 9-11).

19:30 Proxección do documental “*Vértice de versos*”. Coloquio posterior co director **Carlos Lorenzo** e os poetas **Oriana Méndez** e **Ismael Ramos**.

Venres 12 de abril

Pola mañá Encontro poético con alumnado do *IES A Xunqueira I* e *IES Sánchez Cantón*.

17:30 *Ruínas de San Domingos* (Paseo de Montero Ríos, 1)*. Inauguración de PontePoética 9 e recital dos poetas: **Antònia Vicens**, **Ismael Ramos**, **Jan Wagner**

19:00 *Ruínas de San Domingos**. Recital dos poetas: **Castillo Suárez**, **Baldo Ramos**, **Manuel Vilas**

22:30 *Pub El Pequeño* (rúa de Paio Gómez Chariño, 29, baixo). Espectáculo poético-musical a cargo de *Cintaadhesiva* (**Silvia Penas** e **Jesús Andrés**).

Sábado 13 de abril

11:00 *Teatro Principal de Pontevedra* (rúa de Paio Gómez Chariño, 6). Obradoiro de Poesía: **Valter Hugo Mãe**

17:30 *Teatro Principal*. Recital dos poetas: **Valter Hugo Mãe**, **Pilar Pallarés**, **Silvia Penas**

19:00 *Teatro Principal*. Recital de clausura do festival con todos os e as poetas participantes:

Silvia Penas, **Jan Wagner**, **Antònia Vicens**, **Baldo Ramos**, **Castillo Suárez**, **Ismael Ramos**, **Pilar Pallarés**, **Valter Hugo Mãe**, **Manuel Vilas**

Presenta: *Yolanda Castaño*

Domingo 14 de abril

11:00 *Casa da Luz* (praza da Verdura, s/n). Obradoiro de Narrativa con: **Manuel Vilas**

Manuel Vilas (Barbastro, 1962) é un dos principais poetas e narradores da súa xeración en castelán, merecedor dos premios de poesía máis prestixiosos que se conceden en España: o Jaime Gil de Biedma, o Ciudad de Melilla ou o Generación del 27. Entre os seus libros de poemas salientan *Resurrección* (2005), *Calor* (2008), *El hundimiento* (2015) e a súa *Poesía Completa. 1980-2015* (2016). É tamén autor de novelas, libros de relatos, biografías noveladas e libros de viaxes. A recente publicación da súa novela *Ordessa* (2018) converteuse nun fenómeno editorial e literario en España.

Nado en Angola en 1971 e trasladado xa de neno a Portugal, **Valter Hugo Mãe** é un prolífico escritor, editor, artista plástico, cantante e presentador de televisión, considerado un dos máis destacados autores portugueses da actualidade. Publicou quince poemarios, mais é tamén autor de contos, columnas xornalísticas, literatura infantil e novelas. Traducido a unha chea de linguas e amplamente publicado no Brasil, Alemaña, Francia ou España, recibiu premios coma o Almeida Garret, o Portugal Telecom ou o prestixioso Premio José Saramago.

Traducido a máis de trinta linguas, o poeta, ensaísta, editor e tradutor alemán **Jan Wagner** (Hamburgo, 1971) é membro da Academia Alemá de Lingua e Literatura. Ten publicados sete libros de poesía dende 2001, ademais dunha antoloxía da súa obra reunida e outras dúas en inglés en Reino Unido e os EE.UU. Antologou exhaustivamente a poesía alemá moza, traduciu poetas de fala inglesa, publicou libros de ensaios e recibiu bolsas e premios coma o da Feira do Libro de Leipzig, o Friedrich Hölderlin, o Premio Internacional de Poesía Zhongkun ou o Georg Büchner.

A multipremiada autora mallorquina **Antònia Vicens** (Santanyí, 1941) deuse a coñecer en 1967 ao recibir o Premio Sant Jordi cunha primeira novela á que seguirían outros dezasete libros de narrativa. Até o ano 2009 haberá que esperar polo seu primeiro poemario, *Lovely*, ao que seguiu en 2013 *Sota el paraigua el crit* e en 2015 *Fred als ulls*. Mais o terceiro título significará a auténtica consagración da súa autora, pois *Tots els cavalls* (2017) resultou merecedor dos premios “Llegir en cas d’incendi”, Cavall Verd da Crítica así como o Nacional de Poesía 2018.

Castillo Suárez (Alsasua, 1976) é unha poeta navarra que escribe unicamente en éuscaro. Licenciada en Filoloxía Vasca, traballa como técnica lingüística de éuscaro e é académica correspondente da Real Academia da Lingua Vasca. Nos últimos anos, ademais de varios volumes de literatura infantil e artigos de opinión, tirou do prelo seis libros de poesía. Actualmente ultima o seu novo poemario, titulado *Irautera* [*Permanencia*] a piques de ver a luz na editorial Elkar. En paralelo, administra o blog de literatura *Iparraldeko neska* [*A moza do país do norte*].

A obra do poeta, profesor e artista plástico **Baldo Ramos** (Celanova, 1971) explora as interseccións entre poesía e pintura. Autor de quince libros de poesía, entre os que cabe salientar *Cartas dende o esquezo* (2018), *Palabras para un baleiro* (2009) ou *A árbore da cegueira* (2002), ten recibido os premios Arcipreste de Hita, Concello de Carral ou Fiz Vergara Vilariño, entre outros. Alén diso, os seus numerosísimos libros de artista téñense exposto en numerosas galerías, museos e feiras de arte contemporánea.

A poeta e filóloga **Pilar Pallarés** (Culleredo, 1957) foi profesora de Lingua e Literatura Galegas no Ensino Medio até 2016 e mantén unha traxectoria como ensaísta e estudosa da literatura galega. Deuse a coñecer nos 80 da man do colectivo “De amor e desamor” e publicando *Entre lusco e fusco* (1980) e *Sétima Soidade* (1984), que fora Premio Esquíu. Xa en 1996, o *Livro das devoracións* acadou os premios da Crítica Galega e Española. Seguiríanlle *Leopardo son* en 2011 e *Témpo fósil* en 2018, ademais de libros traducidos ao castelán e o inglés.

Ismael Ramos (Mazaricos, 1994) é filólogo, editor e poeta, e ten publicados até o de agora dous poemarios: *Os fillos da fame* (Xerais, 2016) e *Lumes* (Apiario, 2017). A súa obra foi traducida ao castelán, inglés, francés e portugués e apareceu publicada en numerosas revistas nacionais e internacionais ademais de ser antologada nos volumes *No seu despregar* (Apiario, 2016) e *13. Antoloxía da poesía galega próxima* (Chan da Pólvora / papeles mínimos, 2017).

Silvia Penas (1980). Os seus intereses poéticos apuntan cara ao terreo escénico e performativo, proba diso é o proxecto poético-musical que comparte con Jesús Andrés: *Cintaadhesiva*, ou a súa intervención como cocreadora e actriz da peza teatral *Sofía e as Postsocráticas* (Inversa Teatro). Algúns dos seus poemarios foron galardoados en certames como o Lueiro Rey de Poesía por *As uñas crecen* ou o Avelina Valladares por *Diario de ladras, bailarinas, asasinas e flores*. O seu último traballo, *Fronteira Paraiso*, inclúe poemario e disco homónimo.

* En caso de choiva, trasladarase ao *Pazo de Mugartegui* (praza da Pedreira, 10)

**As persoas interesadas poden inscribirse nos obradoiros de Poesía e Narrativa a través do correo electrónico cfuentesmoledo@yahoo.es ou do teléfono 669428188, ata o xoves 11 de abril, indicando o/os obradoiro/os da súa preferencia.